



A LEI DE AUGAS DE GALICIA

PRIVATIZA E PONLLE PREZO A AUGA



A Auga é un ben das persoas e da natureza, non é dos gobernos, nin un negocio de especuladores. E debe ser considerado un dereito humano fundamental

A Auga como alimento debe estar garantida de gratis para as persoas, os animais e a agricultura

A Auga é un ben fundamental para a vida, polo que ten que ser considerado o seu aspecto social.

Galiza ten cultura da auga e foi quen de administrala, conservala e xestionala dende antigo

O Parlamento galego, aproba a
Lei de Augas de Galicia
o 9 de novembro de 2010, (DOG 18-11-2010)

Que supón esta lei

A PRIVATIZACIÓN
da auga e de todas as
competencias da C.A.
en materia de augas.

IMPOSTO a AUGA
a maiores do que se
paga polo subministro
ou a depuración

En que fundamentan esta lei


En que a auga é un ben ESCASO

Na CALIDADE das augas

Na EFICACIA da xestión privada

A Auga en Galiza, ¿é un ben escaso?

Figura 1. Sistemas de explotación Galicia-Costa



Demarcación H. Galicia-Costa
11.532 Hm³ auga / ano

Dos que:

7.843 Hm³ son superficiais

3.648 Hm³ son soterradas

Capacidade almac.: 678 Hm³

Uso doméstico : 68%

Uso agrario: 21%

Uso industrial: 11%

A Auga en Galiza, ¿é un ben escaso? (2)


Cada vez hai menos auga en Galiza

De manter actividade en todas as terras agrarias, faltaría auga en moitos lugares.

En Galiza priorizouse o uso da auga para produción de enerxía, e séguese a priorizar.

Temos que coidar a auga para o futuro, pero non só as persoas, tamén os gobernos

A nosa Auga, ¿é de calidade?




- Ningunha Masa de auga subterránea está en mal estado na actualidade.
- Só o 30% das augas superficiais están en mal estado.



A auga embotellada
un negocio en alza

O deterioro da calidade
da auga interesa as
multinacionais para que
cada vez se merque
mais auga embotellada

O negocio da enerxía hidráulica



**GALIZA CONTA NA
ACTUALIDADE CON
68 CENTRALES
HIDROELÉCTRICAS
DAS QUE 34
SUPERAN A POTENCIA
DE 10.000 KW.**

A xestión privada non é mais eficaz

As grandes corporacións do neoliberalismo económico interésalle a xestión privada só porque é un gran negocio

Segundo o Banco Mundial:

O negocio do subministro ás persoas e á industria move mais de 1 billón de dólares, Superan o 40% do sector do petróleo e son unha terceira parte mais elevados que os do sector farmacéutico.

Todo isto tendo en conta que só o 4% da poboación mundial recibe subministro por parte de empresas

As empresas privadas interésalle o maior gasto posible para obter mais volume de negocio.

A auga como alimento ten un gran valor,
é fundamental, polo que non pode ter prezo

Ainda que o prezo a pagar polo ben auga para o consumo humano, dos animais ou da produción racional de alimentos fose de **0€**, sería caro. Xa que ninguén ten dereito a determinar prezo a o ben: auga, que como o aire ou o sol, é indispensable para a vida.

Como afectará o canon ás vivendas (1)

Todas as vivendas terán que pagar o canon da auga, Sexa traída municipal, da comunidade de veciños/as ou particular; proceda da choiva, de pozo, de manantial,...

No caso de traídas municipais ou de empresa subministradora, pagarase a maiores o prezo do subministro e o da depuración

As familias numerosas terán un desconto do 50%

Como afectará o canon ás vivendas (2)

4,29 m³-persoa-mes é o consumo promedio en Galicia segundo INE (Instituto Nacional de Estadística).

O prezo a pagar determinano cunha cota fixa de 1,50€ persoa-mes e unha variable por tramos

Tramos de consumo
Parte variable canon

De 0 a 2 m³... 0 € / m³

De 2 a 4 m³ ... 0,28 € / m³

De 4 a 8 m³ ... 0,36 € / m³

Máis de 8m³ .. 0,41 € / m³

Como afectará o canon ás vivendas (3)

Vivenda 1 persoa, 4,29 m³-consumo-mes:

Parte fixa 1,50 € mes + Variable $0,36 \times 4,29$ (1,54 € mes)

Pagará polo canon da auga: 3,04 € mes

Vivenda de 3 persoas, 4,29 m³-persoa-mes:

Parte fixa $1,50€ \times 3$ persoas = 4,50€

Variable $12,87 \text{ m}^3 \text{ consumo} \times 0,41 = 5,28€$

Total a pagar 9,78€ mes

A maiores do que se paga polo subministro e pola depuración

Como afectará o canon ás vivendas (4)

No caso de comunidades de usuarios legalmente constituídas ou captacións propias de usos domésticos, o coeficiente variable será de 0,1€/m³

A cota fixa será a mesma, de 1,50€ persoa-mes

consumo de 4 m³ por persoa/mes:

Parte fixa 1,50 € por persoa ao mes

Variable **0,10** x 4 = 0,40€-pers-mes

Total 1,90 €-persoa-mes

O coeficiente de vertedura

Será de aplicación aos mesmos suxeitos pasivos do canón de augas, que vertan a un sistema de depuración.

O coeficiente de vertedura será a maiores do canon da auga e farase nos mesmos términos que este

As fosas sépticas verteranse en depuradoras e pagarase o coeficiente de vertedura

Como afecta o canon da auga á agricultura (1)

Para usos agrícolas, forestais e gandeiros suxeitos a canon existe unha parte fixa de 2,50€ contribuinte/mes e unha variable de 0,005€/m³.

Non estarán suxeitos ao pago do canon sempre que non exista contaminación por fertilizantes, pesticidas ou materia orgánica.

No caso de aplicarse o canon en función da contaminación, a empresa *Augas de Galicia* determinará de oficio a cantidade a pagar.

Como afecta o canon da auga á agricultura (2)

Granxa de leite de 50 vacas= 1.825 m³/ano (100 litros/vaca/día)

$$1.825 \times 0,005 \text{ €/m}^3 = 9,13\text{€} + 30 \text{ € (cota fixa)} = \mathbf{39,13\text{€}}$$

Invernadoiro de 3.500 m²= 300 m³/ano

$$300 \times 0,005 \text{ €/m}^3 = 1,5\text{€} + 30\text{€ (cota fixa)} = \mathbf{31,5\text{€}}$$

Patacas de regadío (1ha.)= 10.000 m³/ano

$$10.000 \times 0,005\text{€/m}^3 = 50\text{€} + 30\text{€ (cota fixa)} = \mathbf{80\text{€/ha.}}$$

Derrogación da Lei de Augas de Galicia

Non a privatización das augas

**Que as augas sigan sendo un ben común,
público e universal; sen prezo para as
necesidades básicas das persoas e da
producción de alimentos.**



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas